

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE DEPORTES, XUVENTUDE E  
VIDA SAUDABLE**

No Pazo Provincial, sendo as 12:35 horas do día 23/05/2025, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME** e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. JAVIER TOURIS ROMERO** en substitución de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Sanchez Mendez, **D<sup>a</sup> BELÉN CACHAFEIRO ANTA** en substitución de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Sandra Bastos Miguez, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ**, **D. RICARDO MARTINEZ CHANTADA**, **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PILAR RAMALLO VAZQUEZ**, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO**, **D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA**, **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> NAVA CASTRO DOMINGUEZ**, **D<sup>a</sup> DIGNA ROSA RIVAS GOMEZ**, **D. GREGORIO LUIS AGIS GOMEZ**, **D. PACO FERREIRA GONZALEZ**, **D<sup>a</sup> NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ**, **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN**, **CÉSAR MOSQUERA LORENZO** en substitución de D<sup>a</sup> Beatriz Lomba Rodriguez e **D<sup>a</sup>. MARIA ORTEGA IÑARREA**.

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.**

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta do 21 de abril de 2025.

**2.- Dar conta das “BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓNS DE ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL PARA O ANO 2025”.**

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan con algún equipo ou deportista en competicións e actividades de ámbito inferior ao estatal e a clubs que participan na competición de fútbol Preferente Galicia.

O programa está dotado con 650.000,00 euros. A súa distribución por liñas será de 600.000,00 € para as competicións de ámbito inferior ao estatal e 50.000,00 € para a competición de fútbol Preferente Galicia.

O prazo de solicitudes rematou o 20 de maio de 2025.

**3.- Dar conta do Contrato de patrocinio deportivo da “PONTEVEDRA 4 PICOS BIKE & ROAD 2025”.**

O contrato está dotado con 10.000,00 euros para a celebración do evento de MTB que se celebrou entre os días 10 e 11 de maio de 2025.



#### **4.- Dar conta do contrato de patrocinio deportivo da “MEDIA MARATON ENTRE RIAS 2025”.**

O contrato está dotado con 11.000,00 euros para patrocinar a media maratón entre o Grove e Sanxenxo, que se celebrou o día 18 de maio.

#### **5.- Dar conta do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA COPA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025”**

O obxecto deste convenio é establecer e regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e a realización da Copa Deputación feminina e masculina de Pontevedra 2025.

Os importes dos premios abonados pola Deputación de Pontevedra financiaranse cun importe máximo de 120.000,00 €.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás 12:40 h do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

